



ACTA DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 9 DE MAIO DE 2017.

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

José Luis Oujo Pouso (PP)

Concelleiros:

Maria José Maneiro Quintáns (PP)

José Manuel Deán Pouso (PP)

Juan Jesús Pérez Santos (PP)

M^a Magdalena Pérez Millares (PP)

Antonio Romero Ribeiro (PP)

Joaquín García García (PP)

Josefa M^a Hermo García (PSdG- PSOE)

M^a Asunción Torres Parada (Portodos)

José Ángel Lorenzo Vila (Portodos)

M^a Ánxela Franco Pouso (BNG)

Xoán Xosé León Martínez (BNG)

Secretario:

José Manuel González García.

Na localidade de Porto do Son (A Coruña), sendo as **12:05 horas** do día **9 de maio de 2017**, no Salón de Actos da Antiga Casa Consistorial, reúne o Pleno da Corporación Municipal en **sesión extraordinaria**, previamente convocada, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

Non asiste D. Luis García Gaciño (PSdG- PSOE).

A Corporación está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal de membros da Corporación, o Alcalde-Presidente abre a sesión.

De seguido o Alcalde- Presidente procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA.

- 1.- Proposta do PSdG- PSOE, Portodos e BNG para a modificación do acordo sobre réxime de retribucións dos membros da Corporación.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

1. PROPOSTA DO PSdG- PSOE, PORTODOS E BNG PARA A MODIFICACIÓN DO ACORDO SOBRE RÉXIME DE RETRIBUCIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Dª. Josefa Mª Hermo García dá lectura á proposta, que é do seguinte teor:

"AO ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON
SOLICITUDE DE PLENO EXTRAORDINARIO

Os grupos municipais do PSdeG, BNG, e Portodos do concello de Porto do Son, a través dos/das concelleiros/as Josefa Hermo García, Luís García Gaciño, Ánxela Franco Pouso, Xoan Xosé León Martínez, Asunción Tones Parada e José Ángel Lorenzo Segade, ó abeiro do disposto nas Leis de Bases de Réxime Local, Lei de Administración Local de Galiza, e demás disposicións regu lamentarias concordantes

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local establecense os requisitos e os termos reservados para as sesións extraordinarias solicitadas polos membros da Corporación, aos que se dá cumprimento coa presentación desta solicitude e documentación achegada.

SEGUNDO.- As concelleiras e os concelleiros solicitantes da convocatoria deste pleno extraordinario cumpren todos os requisitos establecidos na normativa legal e regulamentaria aplicábel.

TERCEIRO.- Na sesión plenaria do día 25 de xuño de 2015 acordouse o réxime de dedicacións e retribucións dos membros da corporación, incorporando o cobro por asistencias por parte a diversos órganos colexiados por parte de concelleiros/as que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, incluíndo entre as mesmas a percepción dunha asistencia pola concorrencia ás denominadas Xuntas de Coordinación de Concelleiros Delegados por importe de 150 euros. Logo de solicitar en varias ocasións a suma total das asistencias, o Goberno segue e negar dita información polo que non sabemos as contías devengadas por ditas asistencias.

A denominada Xunta de Coordinación de Concelleiros Delegados non é un órgano colexiado propiamente dito, ao non reunir as formalidades na súa conformación que regula a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo tanto se entende que o goberno do Partido Popular creou, sen argumentación política, sen fundamentación tecnico-xurídica consistente, nin xustificación institucional, a Xunta de Concelleiros Delegados, sometida, entre outras, ás seguintes regras:

- Non poderá adoptar acordos ou resolucións. As súas deliberacións materializaranse en ditames, propostas de actuación, directrices ou pautas, ou en aclaracións de cuestións de interese do concello.
- Desenvolverá funcións de deliberación e asistencia á alcaldía en orde a coordinar e harmonizar a actuación dos concelleiros
- As súas funcións, composición e funcionamento serán desenvolvidos mediante Regulamento orgánico.

Así mesmo, os concelleiros e concelleiras que asinan esta solicitude entenden que a Xunta de Concelleiros Delegados non ten razón de ser en canto ás funcións asignadas; que a súa creación e funcionamento non se axustan a dereito; que nunca se lle debeu de dar a consideración ou estatus de órgano colexiado; e que o seu custo non se xustifica, resultando a todas luces excesivo para as arcas municipais.

CUARTO.- Ese modelo retributivo debe ser cuestionado, ao converterse nunha retribución periódica encubierta, que pretende superar os límites para fixar o réxime de retribucións dos cargos electos locais que impón a normativa básica local, tanto do punto de vista do número e contía das dedicacións máximas permitidas como mesmo da obrigación de cotización social das mesmas. Que semella ser un órgano complementario creado, exclusivamente, para dar satisfacción a demandas internas do Partido Popular de Porto do Son e para corrixir deseiquilibrios de poder ou de recoñecementos persoais no seo Grupo Municipal desta formación política.

Que a actividade desenrolada no tempo transcorrido da lexislatura pola Xunta de Concelleiros Delegados, o seu funcionamento e o custo do seu réxime de sesións, leva ós Grupos Políticos que asinan este escrito a esixir do Goberno Municipal do Partido Popular unha reflexión e un debate en torno á razón de ser deste órgano tan prescindible como innecesario, e a adopción inmediata de medidas ó respecto.

Que, pola natureza do tema a tratar, das posibles medidas a adoptar, do número de concelleiros e concelleiras que asinan esta solicitude, en virtude do preceptuado nos artigos 54, do RD Lexislativo 78111986, 173 do ROF, e 3e4 do RD 117411987, procede que a Secretaría- Intervención emita informe sobre os asuntos incluídos na Orde do Día proposta.

Por todo, iso **SOLICITAN**:



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfn: 981-867412
Fax: 981-767358

Primeiro.- A convocatoria dun PLENO EXTRAORDINARIO nos termos legais e regulamentarios anteriormente expostos para abordar os asuntos incluídos na Orde do Día que, como anexo se achega con esta solicitude.

Segundo.- A elaboración por parte de Secretaría- Intervención dun informe en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día proposta:

- 1) Legalidade da creación e funcionamento da Xunta de Concelleiros Delegados.
- 2) Custo real anual derivado do réxime de funcionamento e reunións da Xunta de Concelleiros Delegados.
- 3) Medidas que procede adoptar en relación coa Xunta de Concelleiros Delegados.

Os/As CONCELLEIROS/AS ASINANTES PROPOÑEN AO PLENO DA CORPORACIÓN DE PORTO DO SON a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- A modificación do Apartado Quinto do Acordo adoptado na sesión de 25 de xuño de 2015 do Pleno do Concello de Porto do Son relativo ao réxime de dedicacións e retribucións dos membros da corporación local, no seguintes termos:

- a) Manteranse nos mesmos termos o réxime de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados do Pleno, Comisión Especial de Contas e Comisións informativas.
- b) Suprimírse a asistencia pola concorrencia á Xunta de Coordinación de concelleiros delegados.

SEGUNDO.- Proceder, previa solicitude dos ditame xurídicos sobre a regularidade das asistencias pola concorrencia efectiva ás Xuntas de Coordinación de concelleiros delegados, á apertura dos expedientes de reintegro aos concelleiros/as que correspondan das cantidades indebidamente percibidas desde xuño de 2015.

Porto do Son, 17 de abrilde 2017

Josefa Hermo García

Luis García Gaciño

Ánxela Franco Pouso

Xoán León Martínez

Asunción Torres Parada

José Ángel Lorenzo"

Dª. Josefa Hermo García comeza sinalando que propuxeron unha orde do día que non vén reflectida na convocatoria e, de seguido, expón que a Xunta de Concelleiros Delegados lle xera unha serie de dúbidas legais.

Continúa indicando que o seu grupo leva solicitando copia das actas da Xunta de Concelleiros Delegados desde o mes seguinte ao da súa creación; detalla que as solicitaron por escrito, por correo electrónico e persoalmente á Sra. Concelleira de Facenda e únicamente lles facilitaron 3 actas do mes de xullo de 2015. Di que non lles consta que haxa ningunha acta máis.

A Sra. Hermo García explica que consideran que se creou un órgano colexiado que non se axusta á legalidade, que as súas funcións non se adecúan á lei e que, ademais poden desenvolverse na Xunta de Goberno Local.

Remata afirmando que no acordo plenario de creación dese órgano se especifica que non pode adoptar acordos, pero nas actas figuran.

Dª. Mª Asunción Torres Parada explica que non se atenderon as reiteradas peticións de informes de Secretaría e Intervención acerca da legalidade da Xunta de Concelleiros Delegados, o revela o grao de transparencia. Eses obstáculos na rendición de contas aos membros da Corporación e, en consecuencia, aos veciños, foron os que motivaron a convocatoria desta sesión ordinaria.

A Sra. Torres Parada indica que, ata onde puideron coñecer, un órgano como a Xunta de Concelleiros Delegados só pode existir en gobernos de coalición, non naqueles nos que hai maioría. Engade que o presente se trata dun suposto similar ao do Concello de Valga, no que hai concelleiros imputados por cobro de dietas. Continúa indicando que, para maior gravidade, as actas dese órgano as levanta a Sra. Maneiro Quintáns, que non ten a consideración de fedataria pública, polo que as reunións son ilegais. Tamén sinala que, segundo as súas



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

pescudas, se gastaron arredor de 20.000 euros nas sesións da Xunta de Concelleiros Delegados.

A voceira de Portodos conclúe expoñendo que a convocatoria desta sesión do Pleno ten por obxecto clarificar as condicións e termos nos que se celebran as sesións da Xunta de Concelleiros Delegados.

Dª. Mª Ánxela Franco Pouso principia a súa intervención manifestando a súa tristura polo xeito no que se convocou a sesión forzada pola petición dos 3 grupos da oposición; cualifica de pouco elegante por un goberno municipal que dispón de maioría e debería facilitar o labor da oposición, que é o de saber a que se destinan os cartos públicos. Sinala que tamén está triste pola pouca transparencia do goberno municipal xa que a día de hoxe unicamente contan con 3 actas da Xunta de Concelleiros Delegados e porque as solicitou o grupo socialista.

A voceira do BNG explica que, logo de falar coa Sra. interventora, souberon que se están a pagar dietas por asistencia contra certificacións da Sra. Maneiro Quintáns. Sinala que, para evitar a convocatoria desta sesión, bastaba con pedirlle un informe a Intervención.

Doutro lado, a Sra. Franco Pouso cualifica de "torticeira" a orde do día da sesión, e explica que o 25 de xaneiro pasado se notificou a denegación da solicitude dun informe de Secretaría por non estar relacionado coa orde do día dunha sesión, e a orde do día desta sesión non ten nada que ver coa proposta que leu a Sra. Hermo García; di que o goberno municipal fai todo o posible para evitar os informes de Secretaría e Intervención. Engade que era todo tan sinxelo como pedirlle á Secretaría que emitise informe para evitar esta sesión e os gastos aos veciños que conleva.

Finaliza a súa intervención indicando que foi examinar o expediente da sesión e que lle pareceu vergoñento.

Dª. María José Maneiro Quintáns rexeita intervir.

O Sr. Alcalde- Presidente solicítalle ao Sr. secretario que informe sobre a orde do día da convocatoria da sesión e sobre a legalidade da Xunta de Concelleiros Delegados. Tamén indica que vai solicitarlle a elaboración dun informe sobre esta derradeira cuestión que lle será facilitado aos voceiros.

O Sr. secretario, no referido á orde do día da sesión, explica que na solicitude de convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno presentada polos 3 grupos políticos se indica no apartado primeiro que ten por obxecto abordar o asunto que se achega como anexo á solicitude. Nese anexo, a proposta que se presenta para debate e votación polo Pleno dun acordo para modificar o réxime de retribucións dos membros da Corporación. Os puntos anteriores son unha solicitude pero non unha proposta de acordo ou así non o indicaron.

Dª. María Ánxela Franco Pouso pregúntalle ao Sr. secretario se é legal a Xunta de Concelleiros Delegados e o Sr. Alcalde- Presidente pídelle que informe ao Pleno.

En canto á legalidade da Xunta de Concelleiros Delegados, explica en primeiro lugar que tanto a Lei 40/2015, como antes a Lei 30/1992, non resulta aplicable aos órganos de goberno das Entidades Locais, que se regulan pola Lei de bases de réxime local, polo RD Lexislativo 781/1986. A Lei de bases de réxime local recoñécelle ás Entidades Locais potestade de autoorganización pero, para que exista unha mínima coherencia, determina unha serie de órganos que necesariamente deben existir en todos os concellos; no de Porto do Son son o Pleno, o Alcalde, os Tenentes de Alcalde, a Xunta de Goberno Local, as Comisións



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Informativas e a Comisión Especial de Contas. En exercicio da potestade de autoorganización, os concellos poden crear órganos complementarios dos anteriores de acordo co que establezan os seus regulamentos orgánicos ou as leis autonómicas de desenvolvemento da lexislación local, pero sen especificar o órgano. A maiores, o ROF dispón que o Pleno pode crear órganos de xestión descentralizada ou desconcentrada. Na súa opinión, se o Pleno pode crear nos concellos de menos de 5.000 habitantes órganos como a Xunta de Goberno Local ou as Comisións Informativas, a creación de órganos complementarios en Galicia ten que facerse por acordo do Pleno. Considera que a creación de órganos complementarios polo Pleno é axustada a dereito.

Dª. Josefa Mª Hermo García intervén para sinalar que o art. 59.4 do ROF establece que non pode existir duplicidade con outros órganos. Engade que coa creación da Xunta de Concelleiros Delegados se lles está a facer pasar un mal momento aos Sr. Pérez Santos e García García, que teñen a obriga de declarar os ingresos por asistencias a ese órgano e, ao mellor, ir ao xulgado a declarar.


O Sr. Alcalde- Presidente dá paso á votación da proposta.

Dª. Mª Asunción Torres Parada solicita unha segunda quenda de intervención e o Sr. Alcalde indícale que non procede, polo que dá paso á votación da proposta.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, trala **votación ordinaria e por cinco (5) votos a favor (1 PSdG- PSOE+ 2 Portodos+ 2 BNG) e con sete (7) votos en contra (7 PP)**, polo tanto co **quórum da maioría absoluta**, sendo trece (13) o número legal de membros da Corporación, **REXEITA** a proposta.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **12:35 horas**, do día **9 de maio de 2017**, de todo o que se estende a presente acta, da que eu, como secretario dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE.



Asdo. José Luis Oujo Pouso.

O SECRETARIO, que da fe.



SECRETARÍA
PORTO DO SON

Asdo. José Manuel González García.

